

FEBREIRO E MARZO DE 2026

PROGRAMA

XOV 26 FEB | 21.00 h no Teatro Principal

GUERRA
(Teatro do Noroeste)

XOV 5 MAR | 21.00 h no Teatro Principal

TROMSØ
(Morraconto)

XOV 12 MAR | 21.00 h no Teatro Principal

COSTA DA MORTE,
CARTOGRAFÍA DUN NAUFRAXIO

(CDG e Mariña Lestón)

XOV 26 MAR | 21.00 h no Teatro Principal

MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE
(Producións Teatrais Excéntricas)

PREZO: 8,00€ (4,00€ reducida) máis gastos
ABONO: 20,00€ máis gastos

Venda anticipada ata esgotar as localidades en:

Ataquilla

Venda anticipada en www.ataquilla.com

Prezo por función 8,00 € máis gastos - Estudantes, persoas paradas e xubiladas 4,00 € máis gastos - ABONO: 20,00 € máis gastos.

As entradas de prezo reducido pódense comprar por medios telemáticos, pero só se poden retirar na billeteira acreditando a condición de beneficiario.

En caso de non esgotarse as entradas en venda anticipada, a billeteira (do Teatro Principal ou do Pazo da Cultura, dependendo de onde se leve a cabo a función) abrirase unha hora antes do comezo do espectáculo.

Este programa é meramente informativo e a programación pode sufrir variacións por causas alleas á organización.

Consulta a información actualizada na web: <https://cultura.pontevedra.gal>

Diseno: ovopublicidade.com | Ilustración derivada da peza de Abbott Handerson Thayer, "Figura alada" (1889) da colección de Art Institute Chicago

Escanea o QR
para descargar o
PROGRAMA



Concello
de Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

PON TEA TRO

FEBREIRO E MARZO DE 2026

PON TEA TRO

FEBREIRO E MARZO DE 2026



XOVES 26 FEB

21.00 h no Teatro Principal

GUERRA

Teatro do Noroeste

A guerra é a expresión cruel do fracaso total, por iso nunca é unha solución, senón o máis grande dos erros.

Nun edificio teatral totalmente destruído por un bombardeo nunha guerra desatada no mesmo corazón de Europa, comezan a aparecer os personaxes do teatro universal que nel foran representados ao longo do tempo e encarnados en dous actores e catro actrices. As innumerables referencias ás guerras no teatro europeo, desde Shakespeare até Lorca enchen a escena de evocadoras secuencias de caos e destrución.

Autoría e dirección: Eduardo Alonso. **Elenco:** Miguel Pernas, Luma Gómez, Manuela Varela, Maxo Barjas, Sabela Hermida e Xavier Estévez. **Duración:** 100 min



XOVES 5 MAR

21.00 h no Teatro Principal

TROMSØ

Morraconto

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda énfenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer. Aférrase ao corazón apagando para sempre parte da súa luz. Tromsø é unha reflexión en clave de humor dende a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordes e enormes cardumes de arenque, na procura de respostas nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.

Autoría: Raía Martínez. **Dirección:** Raía Martínez e Esther Latorre. **Elenco:** Miguel Gendre, Lara Pouso, Lidia Veiga, Julia Ammerman e Lucía Iglesias. **Duración:** 80 min



XOVES 12 MAR

21.00 h no Teatro Principal

COSTA DA MORTE, CARTOGRAFÍA DUN NAUFRAXIO

CDG e Mariña Lestón

Unha viaxe sobre a historia do noso mar a través de relatos reais e cantigas populares interpretadas en directo. Historias sobre naufraxios na Costa da Morte para lembrar as persoas que xa non están e para poñer en valor e visibilizar as que quedaron en terra: as viúvas, as orfas, as que socorreron... Para que as súas historias non caian no esquecemento. Unha peza escrita, producida e interpretada por Mariña Lestón en coprodución co Centro Dramático Galego.

Autoría e dirección: Mariña Lestón. **Elenco:** Mariña Lestón e Gema Santos (intérprete de Lingua de Signos). **Duración:** 50 min



XOVES 26 MAR

21.00 h no Teatro Principal

MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE

Produccións Teatrais Excéntricas

Moita xente, cando escoita “os dous de sempre”, no primeiro que pensa é en Mofa e Befa. E a Castela non lle parece mal. O dúo cómico formado por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira son parte do fecundo río do humor galego. Agora decídense a encarnar dúas personaxes de papel, concibidos por un humorista gráfico. Os pallasos son criaturas feitas de mesturar un tolo e un neno. Para facer un bufón fai falta, ademais, o animal que todos levamos dentro. Nenos, tolos e animais compoñen o rico universo humorístico de Castela, o seu retablo da comedia humana. Mofa e Befa vai meter todo este universo nas figuras de Pedriño e Rañolas: Os Dous de Sempre.

Autoría: Quico Cadaval e Carme Varela. **Dirección:** Quico Cadaval. **Elenco:** Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto. **Duración:** 100 min